

Área: Servizos Médicos**Circular nº 25 - Temp. 25/26**

DESCARGA E UTILIZACIÓN DA TARXETA ITEGRA

Dende a Federación Galega de Balonmán, informámosvos da importancia de descargar e dispoñer da tarxeta dixital de ITEGRA nos dispositivos móbiles dos federados/as para facilitar todo o proceso de seguimento das lesións, pero tamén para beneficiarse doutras vantaxes:

- Seguimento completo do sinistro en tempo real.
- Acceso ao diagnóstico e evolución da lesión.
- Biblioteca con máis de 3.000 vídeos preventivos.
- Vídeos específicos de apoio ao diagnóstico.
- Plan personalizado para a recuperación e xestión médica da lesión.
- Consulta de informes médicos e documentación relacionada.
- Acceso directo á web de ITEGRA.

Por estes motivos, solicitámosvos que procedades a súa descarga, seguindo estes pasos:

1. Acceder ao correo electrónico que vos chegou dende ITEGRA (info@itegra.es)
2. Os/as federados/as deben ter descargado no dispositivo a APP de Passwallet (para dispositivos Android) ou Applewallet (Para dispositivos IOs).
3. Premer en DESCARGAR TARXETA.
4. A tarxeta xa estaría na súa carteira virtual lista para usala.
5. Para poder acceder á páxina web deberán pulsar “detalles do pase” no caso de IOs ou deslizar para arriba no caso de Android.

No caso de ter dificultades no proceso de descarga ou acceso á tarxeta, podedes poñervos en contacto coa Federación Galega de Balonmán no seguinte teléfono (986410618) ou directamente con ITEGRA a través do enderezo electrónico (info@itegra.es)

Agradecemos a vosa colaboración para un mellor funcionamento co seguro deportivo.

En Vigo a 18 de marzo de 2026.

